



CONCELLO DE SANTA COMBA

Terra de Xallas

Praza do Concello 1, 15.841 Santa Comba (A Coruña). Tlfs: 981 880 075 - 609 241 138 Fax: 981 880 716
Web: www.santacomba.es eMail: correo@santacomba.dicoruna.es

BASES DO CONCURSO DE DISFRACES-ENTROIDO 2019

-As bases polas que se rexerá o Concurso de Disfraces Entroido Santa Comba 2019 son as seguintes:

PRIMEIRA:

Poderán participar todas aquelas persoas que o desexen. Poderanse inscribir o mesmo día do Concurso no recinto feiral, durante a Festa infantil de Entroido, ata 15 minutos antes de comezar o Concurso.

SEGUNDA:

O concurso terá lugar no Recinto Feiral de Santa Comba.

TERCEIRA:

O Concurso de Disfraces Santa Comba 2019 terá lugar o domingo día 3 de marzo ás 18:15 horas rematando ás 20:00 horas.

CUARTA:

Quedan establecidas dúas categorías (de contar cun número mínimo de participantes, a criterio da organización)

1ª categoría: categoría individual – parellas- trios infantil – xuvenil. (ata 18 anos)

2ª categoría: categoría de grupos (de haber unha cantidade mínima dunha certa calidade artística), que deberán estar formadas por un mínimo de catro membros, de tódalas idades.

QUINTA:

PREMIOS

1ª CATEGORÍA (INDIVIDUAL- PARELLAS-INFANTIL- XUVENIL)

1º CLASIFICADO..... VALE DE COMPRA DE 300€
2º CLASIFICADO..... VALE DE COMPRA DE 150€
3º CLASIFICADO..... VALE DE COMPRA DE 100€
4º CLASIFICADO..... ACCESIT
5º CLASIFICADO..... ACCESIT

*Os premios daranse a coñecer no momento do concurso



CONCELLO DE SANTA COMBA

Terra de Xallas

Praza do Concello 1, 15.841 Santa Comba (A Coruña). Tífs: 981 880 075 - 609 241 138 Fax: 981 880 716
Web: www.santacomba.es eMail: correo@santacomba.dicoruna.es

2ª CATEGORÍA (GRUPOS)

- 1º Vale de compra de 300€
- 2º Vale de compra de 200€
- 3º Áccesit..... Vale de compra de 150€
- 3º Áccesit..... Vale de compra de 150€

Os premios deberán gastarse nos establecementos do municipio que estableza a organización . Os gañadores deberán porse en contacto co Concello antes de gastar os vales para saber se o establecemento colabora neste programa.

A organización resérvase o dereito de deixar deserto algún dos premios ou categorías.

*** Os/ganadores/as deberán recoller o seu premio ANTES DO 3 DE ABRIL DE 2019 (PRAZO DE 1 MES)**

SEXTA:

O xurado encargado de outorgar os premios estará composto por:

- 2 persoas da organización da Festa infantil.
- 2 membros do departamento de eventos do concello de Santa Comba (ou do departamento municipal no que deleguen).

No concurso teranse en conta, a orixinalidade, a vistosidade e a escenificación, valorándose en maior medida os disfraces de creación propia. Poderase declarar deserto calquera premio se a xuízo do propio xurado non se reunen os méritos suficientes, así como conceder áccesits pola orixinalidade e traballo na elaboración do disfraz, si fóra o caso.

SÉTIMA:

A entrega de premios para todas as modalidades, realizarase unha vez rematado o concurso.

OITAVA:

O feito de participar no concurso implica o coñecemento e aceptación por parte dos concursantes das presentes bases.

Santa Comba a 26 de febreiro de 2019.